

XABIER | DÍAZ

Xota de Sequeiros (Borbén – Pazos de Borbén)

Comezaio, comezaio
se o *querés* comezar:
o que primeiro comeza
primeiro ha de acabar.

Axudaime, axudaime,
daime aquí unha axudiña.
Eu non me podoo axudar
desta miña *gargatiña*.

Esta si que che vai boa,
esta si que boa vai,
esta si que che vai boa
á porta de túa nai.

Tocadora do pandeiro,
dálle máis unha pancada,
dálle coa man dereita
que a esquerda non fai nada.

A tocar a *pandareta*
ganei unha saia nova
a mais un *revirichiño*
para lle botar de roda.

